



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es



Resolución do 13 de xuño de 2018 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se regulan os ciclos formativos plurilingües (Estrela PluriFP) para o curso 2018-2019.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, recolle os obxectivos formulados pola Unión Europea para que as lingua sexan un medio para a construcción da cidadanía europea, co fin de favorecer a mobilidade entre as persoas e o intercambio cultural e lingüístico.

O artigo 121 da Lei orgánica 2/2006, na súa redacción da Lei orgánica 8/2013, para a mellora da calidade educativa, indica que lles corresponde ás administracións educativas promover a especialización curricular dos institutos de educación secundaria en función das alternativas establecidas nesta lei orgánica, co fin programar unha oferta educativa axustada ás súas necesidades. Os centros docentes incluirán as singularidades curriculares e de organización, e os correspondentes agrupamentos pedagóxicos no seu proxecto educativo.

O Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, regula a distribución das lingua na oferta educativa do sistema galego non universitario.

O Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, no artigo 16, establece que a consellería con competencias en materia de educación poderá determinar que certos módulos profesionais dos ciclos formativos se poidan impartir nunha lingua estranxeira. Estes módulos serán impartidos polo profesorado con atribución docente neles e que, ademais, posúa a habilitación lingüística correspondente ao nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Lingua. Así mesmo, na alínea 4 do mesmo artigo indica que a consellería con competencias en materia de educación promoverá accións dirixidas á mellora das competencias lingüísticas do alumnado de formación profesional para favorecer a súa inserción laboral e a competitividade dos sectores produtivos.

A Estratexia galega de lingua estranxeiras 2020 (EDULingüe) ten como finalidade impulsar a aprendizaxe de idiomas estranxeiros e recolle a súa extensión á Formación Profesional cos ciclos formativos plurilingües (Estrela PluriFP).

Cómpre, por tanto, ditar as instrucións para a implantación e o desenvolvemento dos ciclos formativos plurilingües e, na súa virtude, esta dirección xeral

DISPÓN:

Primeiro. Obxecto e ámbito de aplicación

1. O obxecto desta resolución é regular a implantación e o desenvolvemento de ciclos formativos plurilingües (Estrela PluriFP) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a convocatoria dirixida aos centros que desexen impartir estes ciclos para o curso 2018-2019.
2. Será de aplicación nos centros docentes do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia que imparten ciclos formativos da formación profesional do sistema educativo.



Segundo. *Finalidade dos ciclos formativos plurilingües*

Os ciclos formativos plurilingües teñen como finalidade promover accións dirixidas á mellora das competencias lingüísticas do alumnado de formación profesional do sistema educativo de Galicia, en concreto:

- a) Favorecer a súa inserción laboral e a competitividade dos sectores produtivos, tal como se recolle no artigo 4 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.
- b) Desenvolver habilidades de comunicación oral e escrita en lingua(s) estranxeira(s), para facilitar o seu desempeño laboral no espazo europeo, tal como se recolle no artigo 22 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- c) Dar resposta ás necesidades de formación en competencias lingüísticas expostas polas empresas ou institucións que participan nos proxectos de formación profesional dual de Galicia.

Terceiro. *Obxectivos dos ciclos formativos plurilingües*

Xunto cos obxectivos xerais marcados para as ensinanzas de formación profesional, os ciclos formativos plurilingües favorecerán no alumnado o desenvolvemento de:

- a) Habilidades de comunicación oral e escrita, tanto nas dúas linguas cooficiais como na(s) lingua(s) estranxeira(s) presente(s) nos ciclos formativos.
- b) Destrezas de comunicación específicas do sector profesional ou ámbito produtivo no que se estea a formar o alumnado.

Cuarto. *Ordenación dos ciclos formativos plurilingües*

1. O alumnado que se incorpore a un ciclo formativo plurilingüe cursará estas ensinanzas segundo o establecido na súa normativa reguladora e ademais cursará, cando menos no primeiro curso do ciclo, un módulo non lingüístico en lingua estranxeira. O número de módulos que se cursean en lingua estranxeira poderá ampliarse sen superar, en todo caso, un terzo do horario en lingua estranxeira.

Así mesmo, ao longo dos dous cursos do ciclo o alumnado realizará actividades complementarias de formación organizadas polo centro educativo, como charlas, obradoiros ou proxectos cunha duración estipulada de 40 horas, e que se levará a cabo fóra do horario ordinario do alumnado.

2. O centro educativo ofertará unha actividade formativa extracurricular de carácter voluntario para o alumnado, no primeiro e no segundo curso do ciclo, cunha carga horaria semanal de dous ou tres períodos lectivos fóra do horario ordinario do alumnado. Esta actividade formativa terá por obxecto principal o afondamento e a adquisición de destrezas no idioma elixido para impartir o ciclo plurilingüe, que sexan específicas do sector profesional ou do ámbito produtivo no que se estea a formar o alumnado.

O programa formativo desta actividade será proposto polos centros educativos e aprobado pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

3. A avaliación, a promoción e a titulación do alumnado incorporado a un ciclo formativo plurilingüe rexeranse polas normas establecidas con carácter xeral para estas ensinanzas.

4. O alumnado que participe nun ciclo formativo plurilingüe recibirá unha certificación da dirección do centro educativo que o acredite; farase constar, ademais, mediante dilixencia no expediente académico do alumnado e no informe de avaliación individualizado, no caso de traslado a outro centro.

Quinto. Requisitos dos centros para desenvolver os ciclos formativos plurilingües

Para poderen impartir os ciclos formativos plurilingües, os centros educativos deberán cumplir os seguintes requisitos:

- a) Elixir unha lingua estranxeira para impartir o módulo ou os módulos non lingüísticos para fornecer o alumnado dunha formación específica nese idioma.
- b) Comprometerse a desenvolver os ciclos formativos plurilingües, cando menos durante dous anos, de tal xeito que o alumnado que se incorpore no primeiro curso poida completar os dous cursos do ciclo formativo.
- c) Iniciar os ciclos formativos plurilingües no primeiro curso destes ciclos.
- d) Dispor de profesorado cualificado para impartir os módulos non lingüísticos en lingua estranxeira.
- e) Ofrecer unha actividade formativa extracurricular, cunha carga horaria lectiva semanal de dous ou tres períodos lectivos.
- f) Presentar un programa de actividades complementarias de formación organizadas polo centro, como charlas, obradoiros ou proxectos, cunha duración estipulada ao longo dos dous cursos de 40 horas e que se levará a cabo fóra do horario ordinario do alumnado.
- g) Participar e colaborar no desenvolvemento dos procesos de avaliación do alumnado e dos propios centros que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria organice.

Sexto. Requisitos que deberá cumplir o profesorado

O profesorado que imparta módulos non lingüísticos en lingua estranxeira deberá cumplir os seguintes requisitos:

- a) Ter atribución docente para impartir estos módulos ou estar en posesión da habilitación correspondente, no caso dos centros privados.
- b) Acreditar, cando menos, o nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL) na lingua obxecto do programa

Sétimo. Profesorado coordinador dos ciclos formativos plurilingües

1. A dirección do centro nomeará unha persoa como coordinadora dos ciclos formativos plurilingües, por un período dun curso académico, entre o profesorado que posúa destino definitivo no centro e que imparta os módulos non lingüísticos en lingua estranxeira nos ciclos formativos plurilingües ou módulos lingüísticos en ciclos formativos.

2. Son funcións do/da profesor/a coordinador/a:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

- a) Elaborar a programación das actividades complementarias de formación, coa colaboración do profesorado que imparta os módulos non lingüísticos en lingua estranxeira nos ciclos formativos plurilingües ou módulos lingüísticos en ciclos formativos.
 - b) Elaborar a memoria de fin de curso.
 - c) Xestionar as convocatorias de seguimento e de coordinación co profesorado indicado no punto a) e redactar acta dos temas tratados e dos acordos adoptados.
 - d) Coordinarse co/coa responsable do equipo de dinamización lingüística do centro.
 - e) Identificar as necesidades de formación permanente e trasladárllelas ás estruturas de formación, a través da dirección do centro.
 - f) Dirixir e orientar o labor da persoa de apoio para a aprendizaxe do idioma dos ciclos formativos plurilingües, nativa no idioma.
 - g) Promover a colaboración entre os centros que formen parte da Rede de Centros con Ciclos Formativos Plurilingües e da Rede de Centros Plurilingües, e con todas as persoas e os organismos que puidesen ofrecer colaboración.
3. O/a coordinador/a do programa contará coa redución dun período lectivo no seu horario e, nos centros integrados de formación profesional, coa dedicación horaria estimada pola dirección do centro educativo, o que en ningún caso suporá un aumento no cadro de persoal do centro.

Oitavo. *Compromisos que deberá asumir o profesorado*

O profesorado que imparta módulos non lingüísticos en lingua estranxeira ou módulos lingüísticos en ciclos formativos quedará comprometido a:

- a) Participar, polo menos unha vez ao mes, nunha sesión de seguimento e coordinación convocada polo/a coordinador/a do programa de ciclos formativos plurilingües.
- b) Colaborar na elaboración da programación das actividades complementarias de formación e na memoria final anual.
- c) Participar nas actividades de formación e de coordinación entre centros que programe a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- d) Impartir o módulo en lingua estranxeira, de ser o caso.

Noveno. *Apoio por parte da Administración educativa*

1. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, nos centros da súa dependencia, asegurarán que as vacantes que se produzcan nos módulos non lingüísticos vinculadas aos ciclos formativos plurilingües se cubran con profesorado coa debida competencia lingüística. Estableceranse os criterios selectivos necesarios para que as posibles substitucións temporais do profesorado participante no programa se realicen por aquel que posúa a debida competencia lingüística no idioma estranxeiro correspondente.

2. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria impulsará, dentro do seu Plan de Formación, actividades específicas para o profesorado de ciclos formativos plurilingües e facilitará a dispoñibilidade de recursos didácticos e materiais específicos, así como de orientacións didácticas para o desenvolvemento do programa.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

3. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dotará os centros públicos de persoas nativas no idioma dos ciclos formativos plurilingües para o apoio ao alumnado e ao profesorado, e para posibilitar o desenvolvemento do programa.

4. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria facilitará a certificación correspondente ao alumnado que participe no programa, no relativo ao seu dominio da lingua estranxeira.

Décimo. Certificación de participación

O profesorado que participe neste programa de innovación educativa recibirá un certificado acreditativo ao remate de cada curso escolar, cunha equivalencia de 50 horas de formación do profesorado para aquel que imparta módulos non lingüísticos en lingua estranxeira, e cunha equivalencia de 20 horas de formación do profesorado para o/a coordinador/a.

Décimo primeiro. Documentación

Os centros docentes realizarán a solicitude no modelo que se xunta como anexo desta resolución, ao que engadirán o proxecto de desenvolvemento dos ciclos formativos plurilingües, coa concreción para o primeiro curso dos ciclos formativos (curso académico 2018-2019) e a planificación para o segundo curso dos ciclos (curso académico 2019-2020), incluíndo:

- a) Xustificación e obxectivos.
- b) Relación de módulos profesionais que se impartirán en lingua estranxeira, con indicación desta.
- c) Programa previsto de actividades complementarias para os dous cursos do ciclo formativo.
- d) Denominación da actividade formativa extracurricular, xunto coa descripción xeral desta.
- e) Información relativa á experiencia en plans e/ou programas relacionados coas linguas estranxeiras nos que participou o centro.
- f) Relación do profesorado que impartirá docencia. De ser o caso, nos centros públicos acreditar que se ten realizado a solicitude de prazas vacantes de persoal docente coa debida competencia lingüística.
- g) Indicación da persoa coordinadora dos ciclos formativos plurilingües.

O proxecto virá asinado pola directora ou director do centro educativo e no caso dos centros privados pola persoa que exerza a súa titularidade.

Décimo segundo. Forma e prazo de presentación

Cada centro deberá enviar unha única solicitude segundo o anexo, asinada polo/a director/a do centro público ou a persoa titular do centro privado, dirixida ao director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Xunto coa solicitude deberá presentarse a documentación indicada no punto anterior.

As solicitudes segundo o documento anexo poderán presentarse en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es



común das administracións públicas.

Ademais, remitirase copia da solicitude e da documentación ao correo electrónico sfp@edu.xunta.es, segundo os prazos establecidos.

Logo de recibida a solicitude de participación nos ciclos formativos plurilingües, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa solicitará o informe pertinente á Inspección Educativa.

O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Diario Oficial de Galicia ata o 6 de xullo de 2018.

Décimo terceiro. *Resolución*

1. O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa ditará unha resolución que conterá a relación de centros e ciclos autorizados para impartir ciclos formativos plurilingües, nas páxinas web da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria www.edu.xunta.gal e www.edu.xunta.es/fp, e no Diario Oficial de Galicia, no prazo máximo de cinco meses, contados desde o remate do prazo de solicitude. Transcorrido este prazo sen que se publique a resolución, os centros solicitantes poderán entender desestimadas, por silencio administrativo, as súas solicitudes.

2. Contra esta resolución poderase interpor un recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da sua publicación no Diario Oficial de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo cuarto. *Seguimento e avaliación*

1. Os centros que implanten os ciclos formativos plurilingües establecerán na súa programación xeral anual os mecanismos de seguimento e avaliación do programa que permitan valorar os resultados obtidos e establecer, cando cumpra, propostas de mellora, que deberán reflectirse na memoria final de cada curso.

2. Correspondelle á Inspección Educativa supervisar o proceso de implantación e desenvolvemento do programa, prestándolle especial atención á práctica docente, así como a proposta de medidas de mellora.

Décimo quinto. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado "relacións administrativas coa ciudadanía e entidades", co obxecto é xestionar o presente procedemento e informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante esta mesma secretaría xeral técnica, mediante o envío dunha comunicación



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

ao seguinte enderezo: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Secretaría Xeral Técnica, Edificio Administrativo San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela, A Coruña ou a través dun correo electrónico a dxefpie@edu.xunta.es.


Disposición adicional. *Ciclos formativos na modalidade Dual*

A referencia aos dous cursos de duración dun ciclo formativo plurilingüe aos que se fai referencia nesta resolución estenderase a tres anos no caso de proxectos de formación profesional dual con esta duración.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da publicación do seu anuncio no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2018



Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

